

Dende o *Consello da Muller Nova de Pontevedra*,


Nós, o Consello da Muller Nova de Pontevedra dirixímonos á Consellería de Educación co motivo de manifestar a nosa desaprobación pola desigual elección de persoeiros no proxecto *edumotiva*.

Notamos un gran desequilibrio de xénero entre as diferentes experiencias dispoñibles. Consideramos que tres mulleres nun grupo de dezaseis persoas resulta totalmente desproporcionado, especialmente cando estes persoeiros están a modo de inspiración para as novas xeracións.


Creemos que estas diferenzas amosan á xuventude una imaxe infravalorada das capacidades das mulleres e por esta razón propoñemos un reparto que faga visible homes e mulleres dun xeito máis equitativo, xa sexa no actual proxecto ou polo menos nos vindeiros que agardamos que se realicen no futuro.

Esperamos que as nosas observacións lles sexan de utilidade.

NOME E APELIDOS



SINATURA



Pontevedra, a 28 de marzo de 2017